

Unha campaña promociona o consumo de produtos etiquetados en galego este Nadal

A iniciativa 'En galego, con sumo gusto' pretende dar un paso cara a normalización lingüística mediante a concienciación dos usuarios de que apoien ás empresas que usan a lingua galega nos seus produtos

Texto: **Redacción**


No propósito de avanzar cara a normalización do galego este Nadal o Foro Enrique Peinador puxo en marcha como en anos anteriores a campaña *En galego, con sumo gusto*. Este programa pretende promocionar o etiquetado en galego dos produtos propios do país como un paso máis cara a normalización. Personaxes coñecidos como Amancio Prada, Alba Nogueira, Suso de Toro, Antón Reixa, Morris ou Ernesto Chao apoian esta iniciativa e aconsellan á sociedade que aposten polo produtos galegos, etiquetados e comercializados na lingua galega. A campaña complétase cunha carta de consumo responsable e solidario aberta á firma dos empresarios e consumidores para amosar este compromiso.

O Foro Enrique Peinador alerta aos usuarios de que en momentos


Amancio Prada, Antón Reixa ou Ernesto Chao participan nesta iniciativa

de crise como os actuais fagan un consumo "responsable e solidario". O presidente do ente, Xosé González, destaca que a sociedade debe darse conta de que para que a identidade perviva a lingua galega ten que ocupar outros espazos a maiores da cultura. "Se a lingua está presente na economía está salvada", explica.

O responsable do Foro Enrique Peinador explica que con esta campaña faise "un galeguismo de proximidade" co que se intervén no ámbito familiar á hora de facer as compras, sobre todo en épocas festivas como o Nadal. "A solución aos negocios non está na globalización senón en ter identidade propia porque os mercados internacionais esixen singularidade á hora de competir", destaca Xosé González. Cree ademais que un dos motivos polos que as empresas escollen este camiño é porque son conscientes de que é a maneira máis eficiente para acadar a denominación de orixe debido a que, xunto coa calidade, a lingua oferta unha "garantía" aos consumidores e "define a personalidade" do produto.



Amancio Prada. / LA OPINIÓN



Antón Reixa. / LA OPINIÓN



O actor Ernesto Chao. / LA OPINIÓN



O presentador Xosé Manuel Piñeiro. / LA OPINIÓN